

O CAPITÁN GALEGO DE ANDRÉ SERNIN

Por María Lopo

A cultura e a literatura galegas, por historia e condición – ogallá tamén por vocación – están acostumadas a integrar e a interpretar motivos, personaxes, tempos e lugares pertencentes a outras xeografías, a outras xentes, a outros mundos reais e de ficción; das rúas do New York máis contemporáneo á Bretaña medievalizante, pasando polo referente latinoamericano, tan próximo para tantos, ou pola presenza e relectura dos mitos literarios universais.

O que nos resulta porén sorprendente, dende a nosa periferia múltiple, é ver o *galego* converterse en referente creativo noutras áreas culturais; eis a razón de dar aquí noticia dunha novela, *Le Capitaine galicien*, que constitúe un deses raros exemplos, pois quizais se trate do único caso de personaxe galego protagonista dunha obra narrativa francesa contemporánea. Esta *exótica* referencia orixinaria presenta un real interese de análise, xa que non se limita a un mero trazo tanxencial ou anecdótico, senón que constitúe unha dimensión fundamental no devir existencial e identitario do personaxe, feito subliñado xa dende o título, onde a sonoridade do xentilicio galego semella compensar todo posible *ruído* referencial na recepción do lectorado francófono.

Le Capitaine galicien, obra escrita por André Sernin e publicada en París en 1961¹, narra a axitada peripecia vital de Álvaro Coristanco, galego e asemade capitán do exército republicano durante a guerra civil, circunstancia que por suposto aumenta o interese testemuñal do texto. Maryse Bertrand de Muñoz no seu estudio *La guerra civil española y la literatura francesa* (BERTRAND DE MUÑOZ 1995: 262-264) recolle a existencia desta novela, clasificándoa no apartado de obras nas que a guerra civil non é motivo central, senón elemento secundario na narración. E certo é que as aventuras do capitán galego non se limitan exclusivamente as vivencias da guerra en España – malia todo centrais na súa vida – senón que se estenden ao longo da xeografía bélica e revolucionaria da primeira metade do século XX.

Un polígrafo armenio

André Sernin é o nome de pluma de Jean Nersessian – tamén ortografado Nercessian –, escritor francés de orixe armenia nado en 1921. Foi decisiva na súa formación intelectual a etapa como estudante no prestixioso Lycée Henri IV de Paris, onde realizou o *khâgne*, curso preparatorio para o ingreso na École Normale Supérieure. En Henri IV tivo como profesores a Michel Alexandre e a Georges Bénézé, discípulos do filósofo Émile Chartier – máis coñecido como Alain – que introduciron o seu alumno no pensamento deste importante moralista. Sernin posúe unha dobre faceta creativa; por unha banda, a de intelectual universitario e ensaísta filosófico, por outra, a de prolífico autor de novelas de aventuras, pezas teatrais e libros de viaxes.

Como universitario, doutorouse cunha tese sobre Georges Bénézé, seu antigo profesor, que ademais de ser un filósofo seguidor de Alain foi tamén seu editor; o traballo foi publicado en 1982 na editorial parisina France-Empire². Seu interese pola corrente humanista vencellada a Alain, a quen coñeceu persoalmente³, plásmase non só na publicación de artigos en revistas especializadas⁴, senón tamén nunha biografía publicada en 1985: *Alain. Un sage dans la cité* (Paris: Laffont). Subliñaremos igualmente a súa biografía de Comte, editada en 1993: *Auguste Comte, prophète du XIX^e siècle* (Albatros).

En André Sernin non existen compartimentos estancos. Igual que no pseudónimo escollido se agachan as sonoridades armenias do apelido orixinario, así establece o escritor pasarelas entre a seria obra filosófica e a paraliteratura novelesca. A primeira de todas o nome de autor pois, fóra do ámbito estritamente académico, é sempre Sernin quen asina as obras ensaísticas e literarias de Nersessian. No que atinxe a *Le Capitaine galicien*, cómpre subliñar que a novela está adicada a Georges Bénézé.

Na súa faceta como novelista, puidemos localizar unha vintena de títulos, pero existen sen dúbida bastantes máis. A través dos temas tratados nas súas obras descubrimos un home do seu século, fascinado polos

profundos cambios políticos e sociais do XX. Sernin ocupouse das revolucións europeas, por suposto de Rusia e do comunismo, rendeuse ao orientalismo e ao exotismo coloniais, e interesouse polas guerras de liberación e seus posteriores procesos de descolonización. Lemos nos seus títulos o descubrimento do amor, a paixón pola velocidade, as orixes armenias, a aprendizaxe da filosofía e da escritura, a decepción en fin dunha frustrada carreira literaria. Mais lemos sobre todo, e na raiceira, unha profunda paixón pola liberdade; a exaltación, por veces excesiva mais sempre sincera, de todos aqueles que loitaron por ela, dende o último dos cátaros ata o galaico capitán republicano.

Unha novela republicana

Le Capitaine galicien ten como subtítulo *Alvaro*; de novo xoga o autor con sonoridades foráneas, que posúen un certo poder evocador, de acentos heroicos e románticos. Xa no paratexto atopamos as claves que nos abren as portas da novela; ademais da dedicatoria a Georges Bénézé, arriba comentada, Sernin introduce dúas citas e unha nota de autor. A primeira das citas é do Che Guevara, mais no libro aparece sen nome: “Plutôt mourir debout / que vivre à genoux.” (p. 5); a segunda, atribuída por Sernin a Cervantes, pertence ao refraneiro popular: “L’homme est feu, la femme est étoupe. Arrive le diable qui souffle.” (p. 9).

Ideoloxía revolucionaria pois, e carácter excesivo, profundamente misóxino, enraizado no tópico cultural hispano; estas dúas citas infórmanos antes de comezar a lectura, do *tipo* literario que o autor quere construír: o heroe da nova épica guerreira do século XX, perfectamente representado na viñeta da portada, onde un home novo, nunha paisaxe de destrución bélica, agarda só ao inimigo, parapetado detrás dunha ametralladora. Nas citas anteditas descubrimos tamén dous trazos fundamentais da escritura de Sernin: unha gran rapidez de composición, que o leva a inscribir no seu texto datos aproximativos ou incompletos, non verificados, tal e como veremos máis adiante, e unha irreprimible tendencia a proxectarse no seu protagonista. Para distanciarse desta última predisposición, o autor séntese obrigado a incluír a

seguinte nota entre as dúas citas, que se lle aparecen xa probablemente como propias de Álvaro: “L’auteur ne prend pas à son compte les idées politiques et autres de son héros, non plus du reste que les idées opposées. Toute ressemblance avec des personnes vivantes ou ayant existé serait fortuite.” (p. 7).

A novela está dividida en cinco capítulos, nos que o autor adopta a forma autobiográfica. Álvaro Coristanco, home de acción, chegado á madurez, a un período de certa tranquilidade existencial, olla cara atrás e cóntanos a súa vida; o ton vén dado polas primeiras liñas do texto: “Parvenu maintenant aux approches de la maturité, dans la monotonie de la paix, je me plais à évoquer ma jeunesse guerrière. Peut-être mérite-t-elle d’être racontée.” (p. 9). A narración en primeira persoa só será abandonada na última páxina do libro, onde o autor recorre á terceira persoa da fría crónica xornalística para relatarnos, a maneira de epílogo, o final de Álvaro, os seus últimos anos no maquis e a súa morte a mans da garda civil.

No primeiro capítulo, construído sobre o modelo clásico das “infancias” do heroe, o protagonista evoca diferentes episodios da nenez e da adolescencia en terras galegas, episodios que teñen un valor exemplificador, pois mostran xa os trazos fundamentais da singular personalidade do futuro capitán; esta primeira parte remata en Madrid, onde Álvaro participa no triunfo electoral da Fronte Popular.

Os capítulos segundo e terceiro narran a guerra civil española. O segundo ábrese co asasinato de Calvo Sotelo e o levantamento fascista; a batalla de Brunete establece a transición cara o terceiro, onde asistimos ao final da contenda e ao comezo do exilio, coa primeira noite de Álvaro en terras francesas. Esta parte central da novela constitúe esencialmente un relato de iniciación, de tránsito á idade adulta, a través da superación dunha serie de probas, persoais e sociais. No caso do noso capitán, a gran proba é a guerra, que o marcará de por vida e que, segundo as súas propias palabras, fará do señorito Álvaro, nugallán e libertino, primeiro un soldado, e finalmente un aventureiro apátrida.

O cuarto capítulo narra a súa participación na segunda guerra mundial, tanto no exército francés coma no maquis, e a súa fuxida in extremis a Alxer. No quinto, vemos como o final da contenda mundial non supón o remate da guerra para os homes que, coma Álvaro, só coñeceron a profesión de soldado na súa vida adulta. As guerras coloniais condúceno a Indochina, e de alí a Australia, onde, xa mercenario sen bandeira, adicárase unha tempada ao tráfico de armas. A súa repatriación a Francia, estado do que adopta a nacionalidade, posibilita unha etapa de certo sosego, momento no que escribe as memorias que nós lemos. Mais seu férreo compromiso republicano e antifascista impídelle desfrutar da tranquilidade gañada no país galo, sabendo que a poucos kilómetros, do outro lado da fronteira, os españois seguen loitando contra Franco. As súas ideas lévano de novo á loita armada, súmase ao maquis dos Pireneos e vive varios anos como guerrilleiro, nos territorios do norte peninsular, ata que, finalmente, é asasinado en Pancorbo, na fronteira entre o País Vasco e Castela.

André Sernin que ten, non o esquezamos, unha formación filosófica, quixo facer con *Le Capitaine galicien* unha novela “de tese”, na que confrontar acción e pensamento en torno á idea de liberdade; cómo non evocar aquí os nomes de Albert Camus, André Malraux e Jean-Paul Sartre. O mellor da escritura de Sernin é que, malia o seu propósito orixinal, déixase levar pola paixón da escritura, polo gusto da aventura que imaxina pero que ao mesmo tempo o envolve, investíndoo do uniforme do seu capitán. O ritmo narrativo devén entón frenético, enlouquecido, humanamente imposible; as heroicas xestas militares, levadas ao límite, semellan aventuras rocambolescas; os personaxes, estereotipos irrealis.

Le Capitaine galicien sitúase pois claramente no ámbito da paraliteratura. O texto presenta, entre outras características, un claro gusto pola hipérbole; a tendencia do autor a magnificar as situacións para facelas máis reais ou máis gloriosas, condúceo a unha espiral de esaxeracións da que lle resulta difícil saír. Así, por exemplo, para que o lector sinta o intenso frío padecido polos soldados na fronte de Teruel, non se inquieta en afirmar que a

temperatura invernal nesta zona xira en torno aos trinta e seis graos baixo cero, cifra por outra parte – afirma o autor – habitual na rexión, climaticamente unha das máis extremas de Europa (p. 92). Para demostrar a mestría na guerra e a valentía do seu protagonista relata, por exemplo, cómo Álvaro destrúe él só, na defensa de Madrid, sete tanques fascistas en a penas quince minutos (p. 64), ou cómo, por protexer a un refuxiado, vence nunha pelexa a trinta obreiros nun bar do sur de Francia (p. 123).

O texto presenta tamén, en conexión co abuso da hipérbole, longos inventarios descritivos, enumeracións ou digresións informativas que pretenden ser completas, definitivas, mais que fan perder ao lector o fío argumental, como no caso da descrición da paisaxe e da fauna australianas (p. 179-180) ou na enumeración das xigantescas posesións da familia materna do heroe:

Ma mère, au contraire, était la fille d'un grand propriétaire dont les terres, des champs de maïs, de seigle, d'orge, d'avoine, de légumes, de choux, des pâturages pour le moutons, les chèvres et les boeufs, des forêts de pins, (...) s'étendaient sur plus de cinq cent hectares. (p. 12)

Outro trazo co que se pretende subliñar a autenticidade do texto é a introdución de palabras en lingua española, ben moi identificadas co español de Galicia, como “romería” (p. 10), ben outras portadoras do tipismo hispánico como “alcalde” ou “novio” (pp. 14, 21), tendencia que reforza coa elección de termos que, na lingua francesa, son préstamos do español, como por exemplo, “ría”, “hidalgo” ou “arroyo” (pp. 10, 15, 166). Esta vontade de exotismo lingüístico-cultural só consegue introducir no texto unha certa cor local, posto que os hispanismos escollidos posúen, na maioría dos casos, referente claro e equivalencia lingüística en francés.

Subliñar, por último, a xa citada rapidez de escritura, que leva a Sernin a cometer erros na transcripción de nomes de personaxes históricos como, por exemplo, o conquistador “Ricardo Cortès”, p. 15, “Montezuma”, p. 15, ou “Henriquez Lister”, p. 52.

O touro da aldea

Na detallada biografía imaxinada por André Sernin, Álvaro Coristanco nace en 1916 en Sobrado, perto de Ribadavia, e morre en 1949 en Pancorbo. Trinta e tres anos dunha curta pero axitada existencia que parece ter sido inspirada por mitoloxías tan diversas como as de Robin Hood, Ernest Hemingway ou Cristo. A problemática dualidade entre ideoloxía e carácter, patente nas citas que abrían o libro, vése confirmada polas declaracións do propio personaxe ao inicio da novela. Home de contrastes, mesmo de contradicións, Álvaro confesa ter dúas paixóns vitais, o amor da xustiza e o amor das mulleres; ten así mesmo dúas terras, a España natal que o condena ao exilio e a Francia que o acolle, e dúas morais, pois nel conviven un home fondamente crente e outro violentamente anticlerical. Esta dualidade manifestouse de maneira extrema nos meses precedentes á guerra civil, nos que Álvaro militou ao mesmo tempo no Socorro Rojo e na Juventud Católica, feito que lle trouxo, evidentemente, non poucos problemas de incomprensión por parte doutros membros das citadas asociacións.

O futuro capitán republicano é o maior de cinco irmáns, catro homes e unha muller, nados no seo dunha familia de labregos acomodados. O pai, fillo de labregos sen terra, pobre, analfabeto e descrído, posuía unha gran intelixencia e forza de carácter. A nai, filla de terratenentes, culta e de gran beleza, namorouse con gran escándalo social do pai de Álvaro; sendo os dous menores de idade e ante a oposición das familias á súa relación, véñse obrigados a fuxir a A Habana, onde casaron e fixeron fortuna, volvendo a Galicia en 1915. Co diñeiro da emigración compraron unha gran propiedade e un aserradeiro, negocio que compatibilizaban coa cría e o comercio de gando, actividade da que non quedaba excluído o contrabando de reses con Portugal.

A figura do avó paterno tivo unha gran importancia para Álvaro na súa infancia. Moi forte e lonxevo, casara sete veces, e tivera unha trintena de fillos, moitos dos cales víronse obrigados a marchar á emigración, por causa da pobreza da casa familiar. Este avó contáballe ao neno aventuras das guerras

carlistas e da guerra de 1898, prendendo probablemente nel o gusto da vida guerreira e aventureira.

Sensible dende neno ás desigualdades sociais, xerme – segundo el mesmo afirma – do seu posterior compromiso republicano, o pequeno Álvaro regalaba todo o que tiña aos pobres que atopaba nos camiños e mesmo roubaba na casa comida, roupa ou diñeiro para repartilo logo entre aqueles que o necesitaban. Esta xenerosidade extrema convivía nel cun carácter orgulloso e violento, que o levou a agredir violentamente a varios rapaces das aldeas veciñas, sempre por causa de namoramentos adolescentes. Guapo, forte e apaixonado, non tardou en ser coñecido, a penas cumpridos os trece anos, como “o touro da aldea”. Nunha destas agresións, disparou e deixou malferido a un noivo ciumento; isto obrigouno a fuxir, con quince anos, a Portugal, onde viviu oito meses, acollido por uns familiares.

O regreso a Sobrado é o momento escollido polo narrador para explicar o seu complicado itinerario amatorio e as súas ideas sobre a muller. Precoz no amor como en case todo, iniciouno sexualmente unha pastora da aldea, cando el tiña menos de trece anos. Aos vinteoito, a súa lista de amantes superara xa as oitocentas mulleres, de todas as idades, condicións e nacionalidades: menores, parentes portuguesas, todas as bailarinas do café do Progreso en Ourense, a nai e a irmá da súa noiva, unha ex-monxa, a muller dun garda de asalto, mulleres francesas, alxerianas, indochinas, australianas... En todas as súas relacións transparenta unha profunda misoxinia que impregna toda a novela; un exemplo, entre outros moitos, é a imaxe que nos transmite das milicianas durante a guerra civil, descritas non como compañeiras de loita, senón como prostitutas enfermas e viciosas, causantes de moitas derrotas republicanas (pp. 54-55). A misoxinia de Álvaro, extremadamente primaria, e as súas difíciles relacións coas mulleres, “toutes des garces” (p. 28), resúmea perfectamente o personaxe nunha freudiana frase do primeiro capítulo da novela: “j’ai connu d’innombrables femmes, mais je n’en ai jamais aimé que deux: ma mère et ma petite soeur” (p. 26-27). É moi frecuente que as manifestacións misóxinas estean conectadas a reflexións de raíz xenófoba – e

por veces francamente racista – con respecto doutras nacionalidades como portugueses, xitanos, asiáticos ou aborixes australianos.

As tensas relacións de Álvaro co seu pai, motivadas polo patriarcalismo paterno no trato aos obreiros, serán a causa da marcha do mozo a Madrid, onde se instalou en 1935, con dezanove anos. Non volverá poñer os pés en Galicia nin verá nunca máis os seus pais. Álvaro participou a fondo do clima de efervescencia social da capital do estado, descubrindo a política: “Je pris le parti qui (...) était celui de la générosité : celui de la gauche” (p. 32). Claramente alineado pois no campo ideolóxico da esquerda, a súa sede de xustiza social levouno a colaborar nas colectas a beneficio dos mineiros asturianos e a participar activamente na campaña electoral da Fronte popular.

Tras o golpe de estado fascista comeza para Álvaro a longa e difícil etapa da guerra civil. Miliciano voluntario dende os primeiros momentos, loitou xunto aos comunistas por ser, segundo el, os mellor organizados, aínda que recoñeza sentirse máis próximo ao ideario anarquista. Pasou unha boa parte da guerra baixo as ordes de Lister, e sentiu unha gran amizade por Santiago Álvarez. Con vintedous anos, chegou ao grao de comandante do exército republicano, sendo varias veces condecorado. Por esta súa defensa militar da República será condenado por catro tribunais franquistas a tres penas de traballos forzados e a unha pena de morte, condenas que lle impedirán regresar legalmente a España unha vez rematada a guerra.

A través das andanzas do seu personaxe, que semella dotado dun don de ubicuidade, Sernin desprega ante o lector un inmenso fresco das batallas e dos lugares máis emblemáticos da guerra. Así, por exemplo, Álvaro estivo presente na toma do cuartel da garda civil de Collado Villalba, participou no ataque ao cuartel da Montaña, no asedio ao Alcázar de Toledo, na batalla de Madrid, en Brunete, en Belchite... pasando finalmente a Francia por Le Perthus. Cómpre subliñar que toda esta actividade militar non lle impediu realizar outras conquistas, de carácter amatorio, por toda a xeografía española. Mais a contribución do capitán galego á República non foi meramente guerreira; Álvaro tamén deseñou, durante a contenda, un cargador de gran capacidade para os

Mauser, feito que o levou premiado a Rusia, onde por suposto coñeceu a Stalin, e, por se fose pouco, resolveu o misterio do secreto emprazamento do “ouro de Moscú” (p. 111).

Malia as súas grandes dotes para a guerra, aprendidas e demostradas durante a contenda, como a valentía, a capacidade de mando e de organización ou o dominio da estratexia militar, Álvaro rematou esta guerra convencido do seu pacifismo e do seu libertarismo. Estas foron as súas verdadeiras aprendizaxes bélicas, terriblemente enraizadas na experiencia:

Il y a quelque chose d'enivrant dans le premier pas qui vous jette au combat. Celui qui pour la première fois tient un fusil de guerre se croit le maître du monde. Je n'aime pas la guerre pourtant et je n'ai que trop vu les terribles réalités qui suivent ces heures d'ivresse irraisonnée. (pp. 53-54)

O seu rexeitamento das xerarquías e das dictaduras de calquera signo é absoluto. Loitou contra o fascismo mais tamén se posicionou contra o réxime comunista coñecido en Rusia, rebelándose contra os comisarios políticos, o que lle ocasionou máis dun problema cos seus superiores militares na fronte: “J'aime trop la liberté” (p. 71).

Como tantos exiliados, Álvaro coñeceu os terribles campos de refuxiados do sur de Francia (Saint-Cyprien, Barcarès, Argelès); como tantos outros, tamén se alistou no exército francés para loitar de novo contra o fascismo, en calidade de simple soldado. O estatus de “residente privilexiado” permitiulle traballar como obreiro agrícola na zona libre durante a ocupación, mentres colaboraba coa Resistencia; foi torturado pola Gestapo e conseguiu escapar a un fusilamento e á deportación, integrándose no maquis da rexión de Lourdes, co grao de capitán.

En 1942, cando os alemáns ocuparon a zona libre, fuxiu a Alxer nun dos poucos submarinos que puido escapar do bombardeo da flota francesa en Toulon. Ficou en África do Norde (Alxeria, Túnez) ata 1944 pero, por suposto, o

noso capitán, recién nomeado tenente, non podía perderse o desembarco e a campaña de Normandía nin tampouco, unha vez rematada a guerra, a ocupación de Alemaña. Neste país, en Wiesbaden, Álvaro foi de novo convencido para seguir loitando co exército francés, esta vez en Indochina, malia as súas reticencias iniciais:

Je ne suis pas Français, mais je me suis battu pour la France avec autant d'ardeur, et plus encore, que si la France était mon pays natal. (...) Mais il me semble que nous allons faire en Indochine ce que les Allemands ont fait en France. (pp. 161-162)

Álvaro chega a Saigón a finais de 1945; un desgraciado incidente obrígao a desertar xunto a uns compañeiros, cos que vagará por Camboia, Siam, Sumatra ou Singapur. Contactados por un traficante de armas internacional, serán contratados como soldados de fortuna e partirán con el rumbo a Australia, onde o seu traballo consistirá en roubar convois de armamento do exército americano. Mais Álvaro está canso do *oficio* das armas; a súa loita só tivera sentido cando estaba en xogo a liberdade:

J'avais la nausée de mon triste métier. Surtout, j'étais pris d'effroyables crises de nostalgie. Je rêvais à l'Europe, à la France, où j'avais trouvé une seconde patrie et même à l'Espagne, à ma mère, à mon père, à mes frères que je n'avais pas vus depuis dix ans. J'espérais que Franco était renversé ou qu'il le serait bientôt, comme ses complices, Hitler et Mussolini et que je pourrais revenir tête haute dans mon pays natal. (p. 181)

Logo de catro meses en Australia, regresou clandestinamente a Singapur, internouse na xungla e entregouse á Lexión Estranxeira, facéndose pasar por prisioneiro evadido. Repatriado a Francia, instalouse no sur do país, non lonxe da fronteira española e obtivo a nacionalidade francesa. A escritura non semella acougar o espírito dun home de acción como Álvaro que di soñar todas as noites coa súa casa de Galicia: "La guerre est finie mais la paix n'est pas pour moi. (...) Que faire ?" (p. 185).

Estas son as últimas palabras que Álvaro consignou nas súas memorias. No epílogo xornalístico que pecha o libro, aprendemos o asasinato do guerrilleiro Álvaro Coristanco, “la bête noire de la garde civile espagnole” (p. 185), o 22 de abril de 1949, en Pancorbo. O capitán galego continuou pois o combate contra o fascismo; durante dous anos loitou en Aragón, Cataluña e na zona cantábrica, sendo un dos principais organizadores do maquis pirenaico. Álvaro, a quen tanto lle gustaban as locomotoras cando neno, caeu nunha operación de sabotaxe dun tren da liña San Sebastián – Madrid. As últimas frases recollidas no epílogo son atribuídas a Álvaro por unha amante súa de Grenoble: “J’ai perdu tous mes compagnons, disait-il, et j’ai honte d’être encore en vie.” (p. 187).

Xeografía galega de Álvaro Coristanco

É no primeiro capítulo da novela onde a presenza de Galicia e do galego é sen dúbida máis importante no texto de Sernin. Isto non significa, non obstante, que as referencias galaicas desaparezan co alonxamento físico de Álvaro do país de seu. Ao longo de toda a obra, e ata o seu fatal desenlace, a súa orixe acompañará ao protagonista, e de moi diferentes maneiras; a primeira e máis evidente o nome, pois na súa vida militar será coñecido polo xentilicio galego – “le capitaine galicien” ou “le capitaine gallego” (p. 78) – non só no exército republicano, senón tamén no exército francés, na Resistencia ou na guerrilla anti-franquista.

As orixes galaicas comúns serán un elemento determinante nas relacións de camaradería que Álvaro establece durante a guerra civil, por exemplo, no caso de Líster, “(...) qui était un Galicien comme moi. (...) Il me prit en sympathie, parce que j’étais moi aussi Galicien ;” (p. 52). A opinión de Álvaro sobre Líster, favorable ao comezo da guerra, irase degradando co paso do tempo, ata consideralo un sanguinario: “je compris la colère des anarchistes (...)” (p. 80). Por loitar ás ordes de Líster coñeceu tamén a Santiago Álvarez, de quen ofrece un retrato ben distinto, sempre positivo e colaborador, e de quen tamén subliña a condición de galego:

je fus reçu par Santiago Alvarez, (...) nous avons été camarades de combat à Guadarrama ; c'était un communiste galicien, un peu plus âgé que moi, qui prit plus tard la nationalité cubaine et revint en Espagne (...) dès 1940⁵, pour y être arrêté et emprisonné. (pp. 109-110)

As súas orixes serán asemade invocadas polo mesmo Álvaro para intentar explicarnos determinados trazos do seu carácter e, finalmente, será a lembranza da súa terra e da casa familiar o detonante que o fará reanudar a loita e entrar no maquis pirenaico.

Mais Álvaro levaba xa Galicia no seu nome moito antes de ser capitán. O topónimo coruñés de Coristanco vén sen dúbida reforzar, no espírito do autor, a detallada precisión xeográfica que caracteriza a súa escritura e que ten, como clara finalidade, dotar ao texto dunha gran dose de realidade; non é senón un dos procesos tradicionais na formación dos mitos, inscribir a memoria dun personaxe orixinario, dun principio xerador ou dun relato fundacional en lugares reais e en situacións históricas, próximos ao receptor e futuro transmisor do relato mítico. Sernin salfire o seu texto de innumerables precisións xeográficas, non só no referente a Galicia, senón tamén por exemplo na narración da guerra civil en Madrid e nos seus arredores; ás veces mesmo semella que escribise abeirado a un mapa da Península ibérica.

A xeografía galega de Álvaro Coristanco é, fundamentalmente, ourensá e raiana, moi limitada espacialmente e restrinxida ao sur de Galicia. Como xa indicamos anteriormente, Sernin sitúa o nacemento, a infancia e a adolescencia de Álvaro no pobo ourensán de Sobrado, a dúas horas a caballo da fronteira portuguesa (p. 23). En torno a Sobrado, terán importancia no relato os pobos de Maceda, Ribadavia, Carballiño⁶, Allariz e por suposto Ourense. Coa excepción de Maceda, que o autor sitúa a tres kilómetros de Sobrado (p. 19), o resto das distancias son bastante aproximadas e as descrições cheas de verismo. Así, por exemplo, a gran importancia de Ribadavia na vida de Álvaro vén dada pola estación de ferrocarril, describíndose no texto con exactitude as liñas de tren galegas e aquelas que unen Galicia coa meseta; as que xa non son tan realistas son as precisións temporais, pois o noso

protagonista, un apaixonado das locomotoras, realiza traxectos de ida e volta entre distancias imposibles de cubrir nunha xornada (p. 18). En tren, en autobus, a cabalo ou a pé móvese Álvaro polo sur de Ourense e o norte de Portugal, citándose no texto os topónimos lusos de Castro Laboreiro e Melgaço, así como tamén o de Coimbra. Aparecen mencionados no texto lugares galegos moi emblemáticos, como por exemplo, o porto de Vigo, ou os matadoiros de Vigo e Redondela (pp. 3, 12).

A imaxe de Galicia transmitida por Sernin correspóndese co tópico dunha Galicia saudosa, pacífica e durmida á beira do Atlántico, non lonxe do espírito da “Penélope” de Xosé María Díaz Castro:

Bercé par les hennissements des chevaux et par les mugissements des boeufs, dans ma petite patrie pacifique, endormie à la pointe de l’Europe, je rêvais d’une vie héroïque et dangereuse, très loin des travaux monotones des champs et des pâturages. (p. 15)

Esta óptica, propia das descrições clásicas do “locus amoenus”, convive con outra imaxe, tamén tónica, a dunha Galicia miserable, pobre e superpoboada, á que só lle queda a emigración como única vía de sobrevivencia (p. 16). Sexa como for, esta “Bretaña de España” é presentada por Sernin como un país cunha identidade propia, cunha especificidade xeográfica, sociohistórica, lingüística e cultural que irá debullando nas páxinas do primeiro capítulo: “Bretagne de l’Espagne, (...) mélancolique et violente, isolée dans ses vallées à l’extrémité de la péninsule, la Galice est pour l’étranger pressé la région de l’Espagne la moins espagnole.” (pp. 9-10).

A paisaxe e o clima galegos son descritos con minuciosidade, dende a costa aberta á forza do océano no inverno ata a placidez azul das rías nas xornadas de verán; dende o verde da beiramar ao verde dos vales agachados entre montes de formas suaves, arredondadas; dende as augas do Miño á humidade da chuvia e das néboas galaicas, ao vento que modifica sen acougo a luz e o horizonte.

Logo de evocar de pasada as loitas de Iberos e Romanos, de Cristiáns e Musulmáns e de rescatar do esquecemento a lembranza das guerras carlistas e do desastre de 1898 contados polo avó, Álvaro debúxanos nalgúns trazos certos, a Galicia na que viviu. No texto fálase do minifundio, e das súas consecuencias económicas e sociais. Dáselle unha gran importancia ao fenómeno migratorio; de feito, unha boa parte da familia do protagonista viviu ou vive na emigración en América do Sur, en Cuba, nos Estados Unidos ou en Filipinas (p. 11). Os pais de Álvaro embarcaron, como tantos outros, na estación marítima de Vigo, nun cargueiro rumbo a América; en torno ao porto de Vigo faise referencia aos contratistas que se encargaban destas viaxes trasatlánticas, non sempre respetuosos coa legalidade, e tamén se fala da importancia da construción naval na ría.

A familia de Álvaro vive nun pazo, ás aforas de Sobrado, descrito no texto con todo luxo de detalles: “Cette maison tenait autant du château-fort que du palais de plaisance” (p. 15). Os nenos da familia asisten a unha escola unitaria, pobre e pequena, mais o seu ensino é complementado polas clases que, no pazo, lles imparte un profesor particular. Non escapan a esta panorámica xeral a fermosa imaxe do médico a cabalo polas corredeiras de Sobrado, ou a pormenorizada análise da permisiva igrexa galaica. Sernin, cunha ollada case etnográfica, fala da existencia das “curmás” e dos “sobriños” dos curas, e da súa aceptación social; evoca así mesmo o caso dun cura de Sobrado, de axitada vida amorosa, defendido apaixonadamente polo pobo ao completo fronte ao obispado: “L’évêque n’eut garde d’insister. Le curé resta au village et continua de faire l’amour à ses ouailles dans l’indulgence générale.” (p. 28). As liturxias nocturnas son igualmente salientadas, como lugares fundamentais de encontro entre a mocidade das aldeas veciñas. Esta mesma preocupación etnográfica preside a descrición pormenorizada dunha fiadeira: a súa relevancia social, os ritos, os tabús, a tolerancia, o rol dos maiores e dos mozos son descritos polo autor: “Il est d’usage, en Galice, à la veillée, pendant que les femmes filent (...) d’autoriser les jeunes gens, même d’un autre village, à faire la cour aux jeunes filles” (p. 21).

A proximidade da fronteira portuguesa, e a existencia de intensas relacións entre as xentes de ambas beiras da raia tamén son recollidas no libro, onde aparecen dende os peores tópicos e prexuízos sobre os dous países, xurdidos do descoñecemento máis profundo, ata a realidade próxima das familias extensas que viven dos dous lados da fronteira e a intercomprensión lingüística; por certo que tamén se apunta o contrabando de gando e o estraperlo como actividades certamente habituais e mesmo lóxicas en toda a zona.

A especificidade galaica tamén se mostra na cotiá situación de plurilingüismo. O galego aparece como a lingua propia, falada na casa, o castelán como a lingua da instrución académica, e o portugués como lingua estranxeira próxima, fácil de entender grazas ao galego: “je parlais et j’écrivais parfaitement le castillan (...). La seule langue étrangère que je comprenais assez bien était le portugais parce qu’il ressemblait au galicien que nous parlions à la maison.” (p. 17). O galego é a lingua que Álvaro emprega, na fronte da batalla do Ebro, para falar coas unidades fascistas que ocupaban as trincheiras máis próximas: “Quand je sus que c’étaient des Galiciens, je leur parlai dans ma langue natale” (p. 99). Tamén en galego falou co seu irmán, de trincheira a trincheira, nesta mesma fronte do Ebro, pois este facía a guerra no bando fascista. O portugués, lingua na que Álvaro afirma sentirse máis cómodo que en francés ou en inglés, é o idioma elixido para comunicarse co xefe da banda, “O Inglés de Singapur”, durante o seu período de contrabandista de armas en Australia.

O libro tamén inclúe algúns trazos da cultura popular galega. Son citadas a música da gaita e do pandeiro, habituais nas romarías, e asociadas aos bailes tradicionais: “il m’arrive parfois, en rêve, (...) d’entendre, en quelque romería villageoise, des paysans qui sont peut-être mes frères ou mes amis danser gaiement au son de la cornemuse ou du tambourin.” (p. 10). Como non podía ser menos, no libro fai unha aparición o carro de bois, e alúdese ás lendas populares asociadas aos “Mouros” e á mítica do lobo:

Par une bizarrerie assez inexplicable de son caractère, mon père gardait des loups dans son domaine, pour son plaisir, malgré le danger de voir au cours de l'hiver le bétail, et même les hommes, attaqués par ces carnivores affamés. (p. 13)

Moitas preguntas fican sen resposta fronte ao sorprendente texto de André Sernin. Quizais o menos importante sexa se *Le Capitaine galicien* naceu dunha viaxe, do contacto con republicanos españois no exilio parisino – Sernin foi colaborador da revista *Combat* –, da súa prolífica imaxinación, da súa curiosidade histórica, ou de varios destes factores combinados. O fundamental é que o “tipo” galego existente hoxe en día na narrativa francesa contemporánea é, grazas a Sernin, o dun capitán republicano, home libre e anti-fascista, que un escritor armenio imaxinou cando España aínda padecía a represión da ditadura franquista.

BIBLIOGRAFÍA

BERTRAND DE MUÑOZ, MARYSE (1995), *La guerra civil española y la literatura francesa*, Sevilla: Alfar (*La Guerre civile espagnole et la littérature française*, 1972)

SERNIN, André (1961), *Le Capitaine galicien (Alvaro)*, Paris: Nouvelles Éditions Latines.

SERNIN, André (1985), *Alain. Un sage dans la cité*, Paris: Robert Laffont, coll. Biographies sans masque.

¹ O libro, editado en París por Nouvelles Éditions Latines, foi imprimido en Rennes (Imprimeries Réunies, rue de Nemours); a data do colofón corresponde ao 2 de maio de 1961. A edición está aínda dispoñible.

² Nersessian, Jean, “Un philosophe méconnu, Georges Bénézé (1888-1978)” tese dirixida por Olivier Reboul e lida na Universidade de Strasbourg 2. Referencia universitaria: 81 STR2.

³ “Trop jeune pour avoir pu être son élève, j’ai cependant eu la chance de lui rendre visite au Vésinet, quelques années avant sa mort.” (SERNIN 1985: 16-17).

⁴ Sernin, André (1996), “Georges Bénézé”, *Bulletin de l’Association des Amis d’Alain*, nº 81, juillet, pp. 39-84.

⁵ En 1944.

⁶ No texto de Sernin os topónimos aparecen na súa forma deturpada: Carballino, Orense.